



## **Pilar Rojo participa no Senado nunha reunión do Comité Permanente da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos**

**Santiago, 4 de xullo de 2012.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, participou este mediodía no Senado, nunha reunión do Comité Permanente da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos, convocada pola presidenta do Parlamento Vasco e actual titular da COPREPA, Arantxa Quiroga, e na que o titular da Cámara Alta, Pío García Escudero, actuou como anfitrión.

Na xuntanza, abordáronse asuntos relacionados coa organización e funcionamento da COPREPA, ademais de intercambiar información sobre os traballos que están a desenvolver os diferentes parlamentos autonómicos.

O Comité Permanente da COPREPA está integrado polos presidentes dos Parlamentos do País Vasco, Arantxa Quiroga; de Galicia, Pilar Rojo Noguera; de Navarra, Alberto Catalán; de Canarias, Antonio Castro; e de Extremadura, Fernando Manzano, que tamén preside a Conferencia de Assembleas Lexislativas Rexionais de Europa (CALRE).

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia